



DE QUE DEPENDEN AS MAZÁS E O BRÓCOLI ASÍ COMO
MOITAS OUTRAS FROITAS E VERDURAS QUE CONSUMIMOS?

das Abellas!

#SOSabejas www.sosabejas.org



GREENPEACE

QUE PASARÍA SE NON HOUBESE *abejas?*

1/3

Un terzo dos alimentos que consumimos desaparecerían porque as abellas son as responsables de polinizar a maioría dos cultivos.

RECORDAS QUE É A POLINIZACIÓN?

A polinización é o proceso polo cal o polen é transferido dos órganos masculinos das flores aos femininos, o que produce a fecundación e dá lugar á xeración de froitos e sementes. As abellas son as principais responsables da polinización animal pero non podemos esquecer a outros insectos como abellóns, bolboretas, trazas, moscas, escaravellos, etc.

(Sabías que en Europa existen cerca de 2.500 especies de abellas e no mundo polo menos unhas 20.000 especies?)



QUE PASARÍA SE NON EXISTISE A POLINIZACIÓN?

Sen abellas e outros polinizadores.

- 1 7 de cada 10 froitas ou verduras deixarían de existir ou se producirían en moita menos cantidade.
- 2 A produción mundial de alimentos caería un 35%.
- 3 O prezo dos alimentos dispararíase.




(A nivel mundial a polinización supón para a agricultura uns 265.000 millóns de euros ao ano e a nivel europeo uns 22.000 millóns de euros ao ano. Para España calcúlase que entre 2.500 e 3.000 millóns ao ano.)


1




2




3



4



5




CALES SON AS PRINCIPAIS CAUSAS DA MORTE DAS *abejas*?



NA AGRICULTURA INDUSTRIAL

Praguicidas químicos tóxicos

Utilízanse amplamente. Causan graves danos, e incluso a morte, ás abellas e ao resto de polinizadores.



Monocultivos

Poñen en perigo ás abellas e demais polinizadores pois necesitan unha dieta variada baseada nas distintas flores para poder sobrevivir.

OUTRAS CAUSAS

Perda e deterioración dos hábitats, cambios no uso dos chans, parásitos e enfermidades, cambio climático ou especies invasoras.



A SOLUCIÓN

Prohibir os praguicidas tóxicos

Prohibición inmediata e total dos praguicidas perigosos para as abellas e outros polinizadores.



Agricultura ecolóxica

Promover a agricultura ecolóxica, posto que, entre moitos outros beneficios, respecta e potencia a vida dos insectos beneficiosos como os polinizadores. Eliminar as axudas e as subvencións económicas á agricultura industrial.

QUE PODES FACER TI

Asina en www.sosabejas.org para que se prohíban os praguicidas tóxicos para as abellas, empezando polos máis perigosos, e para que se aposte decididamente pola agricultura ecolóxica.

Algunhas solucións esixen investimentos a longo prazo. Eliminar os praguicidas perigosos pódese facer de inmediato.

Salva as abellas, salva a alimentación, salva a agricultura. Sé parte da solución.



DE QUE DEPENDEN AS MAZÁS E O BRÓCOLI ASÍ COMO MOITAS
OUTRAS FROITAS E VERDURAS QUE CONSUMIMOS?

das Abellas!

#SOSabejas www.sosabejas.org



GREENPEACE